

# O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, e
- Como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

## Subámbito da empresa

Este tríptico céntrase no subámbito da empresa, dentro do ámbito da economía. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto das empresas e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes do empresariado en relación coa lingua. O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:


Cuantitativo: 1073 enquisas realizadas a empresas de entre 6 e 249 empregados/as de Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes do tecido empresarial para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos do empresariado.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



# 1. Usos lingüísticos

## Comunicacións externas:

En liñas xerais, o empresariado situado en Galicia emprega o **castelán** nas súas **comunicacións co exterior**, tanto orais coma escritas.

## Comunicacións internas:

Nas comunicacións internas, o uso do galego sitúase en niveis inferiores ao 15%, mentres

que **oralmente as porcentaxes de fala entre o galego e o castelán son moi semellantes**.

Non existen diferenzas substanciais nos distintos grupos de empresas segundo o seu número de traballadores/as, mentres que si parece ser **máis galegofalante o persoal das empresas situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes**.

Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións orais e escritas co exterior





Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións orais internas



# 2. Normas e criterios de uso lingüísticos

Case ningunha empresa enquisada afirma aplicar criterios nos seus usos lingüísticos, nin orais nin escritos. O coñecemento de galego non é considerado como mérito á hora de seleccionar persoal en 9 de cada 10 empresas. A porcentaxe de empresas que incentiva a formación en galego é só do 3,5%.


# 3. Competencias lingüísticas

O 38,8% do empresariado enquisado considera que as maiores dificultades no uso do galego por parte do persoal se presentan na escritura, mentres que **o 80% dos asalariados/as ten coñecementos axeitados de galego para o posto de traballo que desenvolve**.

# 4. Actitudes e opinións lingüísticas

Os recursos lingüísticos considerados máis útiles son os correctores ortográficos, os dicionarios e os tradutores automáticos, malia que o indica menos da metade das empresas.

Gráfico: utilidade dos diferentes recursos lingüísticos




A maior parte das empresas (92,7%) non utiliza as axudas e os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia. Entre as empresas que non os usan **apenas o 16% ten coñecemento da súa existencia**.

**Máis de dous terzos do empresariado enquisado considera que o uso do galego se mantivo nos mesmos niveis nos últimos cinco anos**. Paradoxalmente, o 40,6% do colectivo entrevistado considera que o galego se utiliza bastante ou moito na empresa.


# 5. Índice de normalización lingüística (INL)

As empresas de Galicia obteñen un índice de normalización lingüística para o galego do 32,46%. Entre os motivos que explican este baixo INL cómpre sinalar o uso maioritario do castelán nas comunicacións e na documentación. Tamén na imaxe e na rotulación a presenza do galego é moi limitada.



## \* Conclusións

- A presenza do castelán é maioritaria nas empresas de Galicia, tanto nos elementos de comunicacións exteriores como no nivel de usos escritos internos.
- Nas comunicacións orais internas o uso do galego é moi similar ao do castelán, o que significa que nas relacións cotiás ambas as linguas manteñen un equilibrio.
- As previsións respecto do uso crecente do galego no ámbito empresarial non son especialmente positivas. As empresas maniféstanse reticentes a un cambio de lingua, aínda que a maioría recoñece que o uso do galego non implicaría desvantaxes.
- Para as empresas que desenvolven a súa actividade no contorno de Galicia o galego pode incluso asociarse a símbolo de calidade, xa que neste sentido se están a desterrar determinados estereotipos e prexuízos ao respecto.
- As empresas situadas en localidades inferiores a 50.000 habitantes e as provedoras de servizos ou produtos a organismos públicos mostran maior tendencia ao uso do galego.



# O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, e
- Como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

## Subámbito do comercio

Este tríptico céntrase no subámbito do comercio, dentro do ámbito da economía. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto dos establecementos de comercio polo miúdo e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes do pequeno comercio en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Cuantitativo: 395 enquisas realizadas aos establecementos do comercio polo miúdo de Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes do comercio para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos no comercio.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



## Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito da economía e empresa  
**Subámbito do comercio**



# 1. Usos lingüísticos

## Comunicacións externas:

En todos os ámbitos das súas **comunicacións co exterior** o uso lingüístico máis habitual do pequeno comercio galego é **o castelán**, a excepción das comunicacións que manteñen na atención presencial ou telefónica, onde a porcentaxe de uso do galego supera a do castelán en 6 puntos.

## Comunicacións internas:

Nas comunicacións internas, o uso do galego sitúase en niveis inferiores ao 22%, mentres que **oralmente as porcentaxes de fala entre o galego e o castelán son moi semellantes**. O sector do comercio que **máis emprega a lingua galega é o de alimentación**, e en xeral **úsase máis nos comercios situados nos concellos de menos de 50.000 habitantes**.

Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións orais e escritas co exterior





Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións orais internas



# 2. Normas e criterios de uso lingüísticos

No pequeno comercio de Galicia non é habitual a aplicación de criterios nos seus usos lingüísticos, nin orais nin escritos. Unicamente o 7,3% dos enquisados/as afirmou ter en conta os coñecementos de galego na contratación do persoal, aínda que a maioría non o considera como un requisito imprescindible, senón, simplemente, como un mérito. A porcentaxe de comercios que incentiva a formación en galego é só do 0,5%.


# 3. Competencias lingüísticas

O 28,9% dos comercios enquisados considera que as maiores dificultades no uso do galego por parte do persoal se presentan na escritura, mentres que **máis do 85% dos asalariados/as ten coñecementos axeitados de galego para o posto de traballo que desenvolve**.

# 4. Actitudes e opinións lingüísticas

Os recursos lingüísticos considerados máis útiles son os correctores ortográficos e os dicionarios, malia que así o indica menos do 15% dos comercios.

Gráfico: utilidade dos diferentes recursos lingüísticos




Un elevado número de comercios (97,5%) afirma que non utiliza as axudas e os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia. Entre estes, tan só **un 6,2% ten coñecemento da súa existencia**.

**Case 7 de cada 10 comercios considera que o uso do galego se mantivo nos mesmos niveis nos últimos cinco anos**. Paradoxalmente, o 44,6% do colectivo entrevistado considera que o galego se utiliza bastante ou moito no comercio.

# 5. Índice de normalización lingüística (INL)

O índice de normalización lingüística (INL) da mostra de pequenos comercios de Galicia sitúase no 30,41%. Entre os motivos que explican este baixo INL cómpre sinalar o uso maioritario do castelán nas comunicacións e na documentación. Na imaxe e rotulación a presenza do galego tamén é moi limitada.

Gráfico: INL e factores no comercio



## \* Conclusións

- O comercio galego emprega o castelán como lingua habitual nas súas relacións co exterior, tanto escritas como orais, ben que nas zonas rurais e no ramo da alimentación o galego acada unha maior representatividade.

- Nas relacións internas, as porcentaxes das dúas linguas son moi similares.

- Respecto da dinámica da lingua, algo máis da metade dos comercios opina que nos últimos anos non se acrecentou e que seguirá nos mesmos niveis nun futuro.





# O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, e
- Como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

## Subámbito da banca

Este tríptico céntrase no subámbito da banca, dentro do ámbito da economía. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto dos bancos e das caixas de aforro e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes lingüísticas da banca en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Quantitativo: 349 enquisas realizadas ás sucursais de bancos e caixas de aforro presentes en Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes do sector co fin de opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos na banca.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



## Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito da economía e empresa  
Subámbito da banca



# 1. Usos lingüísticos

## Comunicacións externas:

O castelán é a lingua máis utilizada nos bancos e caixas de aforro presentes en Galicia para as súas comunicacións de carácter escrito co exterior. Nos usos orais, o reparto é moi igualitario entre ambas as dúas linguas.

sitúase en niveis inferiores ao 22%, mentres que **nas comunicacións que se establecen entre o persoal a distribución dos usos lingüísticos é bastante equitativa**, agás no grupo de subalternos, que se define como maioritariamente galegofalante.

En xeral, os **bancos e caixas de aforro de orixe galega amósanse máis dinámicos no uso do galego, ao igual que as entidades situadas nos concellos de menos de 50.000 habitantes.**

## Comunicacións internas:

Nas comunicacións internas, o uso do galego

Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións orais e escritas co exterior





Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións orais internas



# 2. Normas e criterios de uso lingüísticos

Case ningunha entidade enquisada aplica criterios nos seus usos lingüísticos, nin orais nin escritos. Unicamente o 12,9% dos entrevistados/as afirmou ter en conta os coñecementos de galego na contratación do persoal, aínda que a maioría non o considera como un requisito, senón como un mérito. Un 40% dos bancos e caixas de aforro de orixe galega si o considera imprescindible. En canto á formación en galego, tan só o 1,2% das entidades a incentiva.


# 3. Competencias lingüísticas

Case a metade dos enquisados/as considera que as maiores dificultades no uso do galego por parte do persoal se presentan na escritura, mentres que **máis do 75% dos asalariados/as ten coñecementos axeitados de galego para o posto de traballo que desenvolve.**

# 4. Actitudes e opinións lingüísticas

Das ferramentas lingüísticas que as entidades bancarias teñen ao seu dispor, os correctores ortográficos, os documentos modelo en galego e os tradutores son os recursos considerados máis útiles e, á súa vez, os máis empregados.

Gráfico: utilidade dos diferentes recursos lingüísticos




Un elevado número de entidades (97,1%) afirma que non utiliza as axudas e os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia. Entre estes, **un 15,3% ten coñecemento da súa existencia.**

**Algo máis da metade dos bancos e caixas de aforro considera que o uso do galego se mantivo nos mesmos niveis nos últimos cinco anos.** En relación coa percepción que nas entidades bancarias teñen respecto da utilización do galego no seu ámbito, o 39,8% afirma que se utiliza moito ou bastante.

# 5. Índice de normalización lingüística (INL)

A banca presente en Galicia acada un índice de normalización lingüística (INL) do 33,74%. Isto indica un baixo índice de normalización, que atende, entre outras razóns, á incidencia dos usos lingüísticos empregados polas entidades de orixe non galega, maioritariamente en castelán.

Gráfico: INL e factores nas empresas



## \* Conclusións

- A comunicación exterior das entidades financeiras presentes en Galicia realízase na maioría dos casos en castelán, mentres que, no ámbito interno, o galego ten unha maior representatividade.

- Non se aplican regras ou criterios de uso lingüístico, nin se conta na maioría dos casos con servizos de normalización da lingua. Este feito contradí, en parte, as políticas de apoio que nos últimos anos trataron de poñer en práctica os organismos públicos.

- Os bancos e caixas de aforro presentes en Galicia consideran que non se produciron

cambios substanciais respecto do galego no seu contorno e que, a situación non mudará no futuro. Non obstante, si consideran que o seu uso pode ter certas vantaxes no medio rural como símbolo de servizo de calidade e de respecto á súa clientela.

- Distínguese claramente entre as sucursais rurais e as urbanas, así como a orixe da entidade. Así, tanto nas poboacións con menos de 50.000 habitantes como no referente ás entidades de capital galego, o uso desta lingua é maioritario. Cómpre destacarmos que, nos últimos anos, especialmente as caixas de aforro, impulsaron de xeito claro o uso da lingua propia.